

Texto do apartado de biografía da exposición "Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo"

A vida de Carvalho Calero (Ferrol 1910-Compostela 1990) fai un repaso pola liña da Historia do século XX, a dos grandes acontecementos, mais tamén a pequena intrahistoria de moitas familias. Na obra do escritor, pese ao carácter intelectual e filosófico, á presenza de abundantes referencias culturais, trazos tantas veces postos de relevo, son tamén visíbeis esas pegadas da vida e da historia.

Corría a *Gran Guerra*. Na casa familiar da rúa San Francisco daquel bulideiro Ferrol Vello, logo se ía descompoñer o pacto que o neno Ricardo tiña con Deus ("que ninguén dos meus morrería"): queda orfo de nai aos oito anos. Despois dos primeiros estudos, prepara o bacharelato no colexio "Sagrado Corazón de Jesús", dirixido polo escritor galeguista Manuel Comellas. Non había en Ferrol instituto de ensino medio, tiña que se examinar por libre, na Coruña case sempre. Pronto dará mostras da súa extraordinaria intelixencia e do seu compromiso: teatro, conferencias, poesía, que un adolescente Carvalho empeza a dar a coñecer en medios da cidade. *Trinitarias*, primeiro libro de versos, escrito en español e publicado en 1928, recolle os poemas desta etapa. Á idade de 15 anos xa rematara o bacharelato e matricúlase na Universidade de Santiago, no primeiro curso común para Letras e Dereito.

En Compostela, incorpórase axiña ao Seminario de Estudos Galegos, do que chegou a ser Secretario Xeral. Alí relaciónase coa xente do Grupo "Nós": Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, López Cuevillas. Son anos decisivos na formación intelectual e ideolóxica do mozo Carvalho, que se sentirá sempre parte da "Xeración do Seminario", xunto a figuras como Álvaro Cunqueiro, Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, etc. Son anos tamén moi intensos no movemento estudantil, en contra da Ditadura de Primo de Rivera, pola República, pola democratización e a galeguización da Universidade. Carvalho participa activamente neste movemento dentro da Federación Universitaria Escolar (F U E), organización sindical de estudantes, e na "Asociación Profesional de Alumnos de la Facultad de Derecho", nas que ocupou distintos cargos. Non descoida a carreira nin a actividade cultural e literaria. Destas inquietudes poden dar idea títulos como "En torno a las ideas comunistas de Platón", unha conferencia (entre outras) que pronunciou no "Centro Obrero de Cultura" de Ferrol en 1929. En xuño de 1931 licénciase en Dereito cun brillantísimo expediente académico. No mesmo ano publica o primeiro poemario en galego, *Vieiros*, no que se perciben as influencias vangardistas da época, máis notorias aínda no seguinte, *O silencio axionllado* (1934). En decembro de 1931 fúndase o Partido Galeguista -trunfara a II República en abril- e desde o primeiro momento pertence a este partido. Nel vai ter un importante papel. Redactou, con Lois Tobío, o primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galiza, modificado despois para adaptalo á Constitución republicana, unitaria, non federal como propoñía o anteproxecto.

O Concello de Ferrol convoca oposicións para cubrir cinco prazas de funcionarios, Carvalho preséntase e obtén o número 1. En 1933, instalado de novo na súa cidade, casa con dona María Ignacia Ramos, compañeira de estudos e licenciada en Historia. Sen deixar a actividade literaria e cultural (á que agora suma un intenso labor político) continúa por libre a carreira de Filosofía e Letras, a súa verdadeira vocación, que finaliza con Premio extraordinario en 1935. As revistas máis importantes da época recollen traballos del: poemas, artigos de crítica, ensaios. Ademais de poesía, escribe pezas teatrais seguindo as ideas das Irmandades da Fala de facer teatro en galego para todas as clases de público.

O 18 de xullo de 1936 colle a Carvalho en Madrid, onde facía os exames para ser profesor de instituto. Coincide alí con Castela e outros delegados que ían presentar ante as Cortes o resultado do referendo sobre o Estatuto de Autonomía. Queda incomunicado coa familia xa que Galiza pasa, desde os primeiros días do Alzamento, a mans dos nacionais. Incorpórase como miliciano ao batallón “Félix Bárzana”, que intervéñ na defensa de Madrid. Pronto a República se decata da necesidade de reforzar a organización do exército (moitos militares de alta graduación eran simpatizantes dos alzados) e prepara a formación de novos oficiais. Carvalho satisfacía todos os requisitos exixidos, así que será destinado ao Exército de Andalucía co grao de tenente. Na primavera de 1939, cando acaba a guerra, atópase en Jaén. Ingresna no penal desta cidade para cumprir unha sentenza ditada en Consello de Guerra: doce anos e un día de reclusión maior. O delito: ter sido oficial do exército republicano e ter participado na política galeguista. Os cárceres estaban cheos de presos como Carvalho, de modo que o goberno de Franco foi deixando en liberdade condicional a moitos após teren cumprido unha parte da pena.

En maio de 1941 volta a Galiza. Coñece a primeira filla, unha meniña de case cinco anos nacida cando el estaba en Madrid. E encara a vida dos vencidos e, aínda por riba, penados: tiña que se presentar periodicamente na prisión de Ferrol en canto durase a condena, non podía exercer oficialmente a súa profesión e, por suposto, fora cesado “definitivamente” como funcionario do Concello (24/12/1936). O matrimonio, que en 1942 ten unha segunda filla, vivirá dando clases, particularmente e en colexios privados. Nesta dura posguerra de fame, censura, exilio ou morte de moitos compañeiros e amigos, a literatura, principalmente a poesía, que nin durante a guerra abandonara, foi un refuxio. Non podía publicar, mais escribía; e non só poesía, tamén moito teatro e narrativa. En 1949 empeza a colaborar no xornal compostelano “La Noche”. Baixo o pseudónimo de “Fernando Cadaval” van aparecendo breves traballos, sobre literatura galega principalmente. En 1950, *A xente da Barreira*, o primeiro romance publicado en galego despois da guerra, recibe o premio dos “Bibliófilos Gallegos”.

A forza e o brillo intelectual de don Ricardo, a súa ética e a firmeza nas ideas galeguistas continuadoras do espírito científico do Seminario de Estudos Galegos, orientarán todo o seu traballo á dignificación da cultura do país, que semella funcionar como táboa de salvación. Paseniño, irá emerxendo do marasmo cultural que as forzas triunfantes do 36 provocaran. É de xustiza sinalar tamén o apoio familiar e dalgúns amigos. O feito é que en 1950 recibe a invitación de se trasladar a Lugo, a terra da súa dona, para dirixir (non oficialmente) o Colexio Fingoi. Este acontecemento marca na vida e na obra do escritor unha nova e fecunda etapa. As tarefas son moitas. Por un lado está o traballo docente, innovador visto aínda desde hoxe e non digamos dentro do panorama da época: atención á realidade inmediata como punto de partida do coñecemento, e á realidade cultural de Galiza; coeducación de nenos e nenas, entón separados; ensinanzas artísticas complementarias, como o teatro. O profesor tivo oportunidade de dirixir, alén doutras moitas, a súa *Farsa das zocas*, peza estreada como anónima. Van aparecendo novos libros de poesía: *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados de un cabelo* (1952), que inclúen textos compostos anteriormente; e *Salterio de Fingoi* (1961), obra importante na súa lírica, que recolle aqueles anos, duros aínda, de vida en Lugo.

Porén, é a tarefa de investigador e de crítico que pasa ao primeiro plano neste período. En 1954 presenta en Madrid a tese de doutoramento, publicada no ano seguinte co título de *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* e, a seguir, a parte dedicada á poesía dará lugar ao libro *Sete poetas galegos*. En 1958 ingresa na Real Academia Galega co discurso *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, respondido por Otero Pedrayo, figura que Carvalho admiraba. O froito fundamental desta dedicación é a *Historia da literatura galega contemporánea*, obra magna, tanto pola calidade do traballo como polo esforzo realizado, onde estuda pola primeira vez en profundidade un

período crucial na formación do sistema literario galego. Os seus xuízos críticos son moito máis que un punto de partida pois, en xeral, fixan valores cunha autoridade clara. Definitivo foi tamén o criterio adoptado para establecer o propio concepto de *literatura galega*: a que está escrita neste idioma. O libro aparece en 1963 en Galaxia, a editorial que desde a súa fundación en 1950, coa participación do mesmo Carvalho, viña desenvolvendo unha función moi importante no eido da cultura, o único posíbel naquel tempo. En 1975 publicará a segunda edición con novos capítulos que engrosan o volume. Mais xa é outro o escenario.

En 1965 o decano de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago proponlle encargarse do curso de galego que ese ano comezaría a ser impartido na Facultade. Case a un tempo, o réxime de Franco modifica a disposición contra os ex-funcionarios da República, así que Carvalho pode retomar as oposicións interrompidas pola guerra civil. Nestas probas saca o número 1 e incorpórase ao instituto compostelano “Rosalia de Castro” como profesor de Lingua e Literatura Española, que compaxina co curso de galego na Facultade. Logo irá aumentando nesta institución a presenza do galego e, de novo, Carvalho debe acometer a tarefa de cubrir as carencias científicas que sofre a súa materia. Xa en 1966 publica a *Gramática elemental del gallego común*, que supuxo un instrumento científico necesario como posta ao día da gramática do noso idioma, ademais de achegar moitas persoas, quer universitarias quer non universitarias, ao seu estudo. No curso 1971-1972 obtén por oposición a praza de catedrático de Lingüística e Literatura Galegas da Universidade. Desde a cátedra, máis unha vez, multiplica o traballo. Profesor esmerado, fino e serio mais non falto de emoción, moi bon comunicador e de saber enciclopédico. Aínda neste espazo grato había de padecer outra inxustiza, ben que involuntaria, derivada da ignorancia dun alumnado que nada sabía (as excepcións serían ben poucas) da vida nin da obra daquela persoa que cada día tiña tan próxima na aula. O que se coñecía de literatura galega era, principalmente, o que el ensinaba e endexamais falaba de si. Lingüista, historiador e crítico literario intelixente e necesario, abondarían as xa referidas *Gramática* e *Historia da Literatura* como probas de excelencia. Relator que respondía con amabilidade as invitacións que recibía para pronunciar unha conferencia, non importaba onde, dentro ou fóra do país, sempre ao servizo da cultura galega; que atraía o auditorio pola calidade do discurso e polo rigor das análises. Por máis que a obra de creación non sexa o máis urxente neste intre, continúa a escribir, e a publicar de vez en cando: en 1971 dá a coñecer parte do seu teatro so o título *Catro pezas*..

Sempre se distinguiu pola súa independencia e pola fidelidade ás ideas nacionalistas do único partido en que militou, o Partido Galeguista, uns principios básicos que lle acarrearón simpatías e antipatías.

Esta disensión había de ir a máis despois da xubilación, en 1980, xa instaurado o réxime democrático que conduciría á Autonomía. Carvalho seguía acudindo ao despacho na Universidade e seguía traballando, agás na docencia, en todos os campos en que se viña desenvolvendo. Pode prestar á obra literaria maior atención. De modo que refundirá a poesía anterior en dous libros, *Pretérito imperfecto (1927-1961)* e *Futuro condicional (1961-1980)*, e publica dous novos: *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)* e *Reticencias ... (1986-1989)*, este xa postumo. Tamén a obra dramática: *Teatro completo (1982)*, e a narrativa: *A gente da Barreira e outras historias (1982)* e *Narrativa completa (1984)*. Co derradeiro romance, *Scórpico (1987)*, a Literatura dálle unha última satisfacción: o premio da Crítica de 1988. Nel, empregando técnicas non tradicionais e unha orixinal estrutura, recolle, convertidos en ficción literaria, elementos autobiográficos da vida ferrolá, da vida estudantil compostelá e da experiencia da guerra.

Sen pretensión de dar conta dunha obra inxente, o seu significado e o seu perfil non se entenderían sen mencionar o ensaio. Algúns títulos representativos, o primeiro sobre temas literarios e o segundo sobre temas lingüísticos, son: *Libros e autores galegos* (dous volumes que aparecen en 1979 e en 1982) e *Da fala e da escrita* (1983). Este xénero, así como o artigo xornalístico, no que cómpre lembrar os recollidos en *Unha voz na Galiza* (1992), é o medio escollido para expoñer opinións e argumentos na liña de considerar o galego como lingua propia de Galiza, que, se se quere manter, debe recuperar, mediante as directrices políticas pertinentes, a condición de idioma normal (habitual) en todos os ámbitos e usos sociais, conservando o seu carácter de romance occidental (galego-portugués), diferenciado do romance central (castelán), do cal é irmán. A recuperación da ortografía histórica do galego, que practicou nos últimos anos, sería unha parte evidente da reintegración desta lingua no seu tronco orixinario. Mais estas afirmacións, que constatan fundamentalmente realidades obxectivas, custáronlle a Carvalho o illamento das institucións políticas e culturais oficiais máis influíntes. Foi, polo contrario, homenaxeado e moi prezado pola cultura de base nacionalista, polas correntes defensoras da normalización do idioma e outros sectores da sociedade que o acompañaron nun enterro multitudinario e continuaron a estudar e a difundir o valor dunha obra e dunha figura irrepetíbeis.

Nacera o día 30 de outubro de 1910 e morreu o 25 de marzo de 1990. Despois dunha reivindicación sostida durante anos, principalmente polos mesmos movementos sociais que o apoiaran en vida, a Real Academia Galega acordou dedicar ao Fillo predilecto de Ferrol (7 de xaneiro de 1990), que tamén dá nome ao *Premio Carvalho Calero* deste Concello, o Día das Letras Galegas de 2020.

Ferrol, 2020